



DATOS IDENTIFICATIVOS

Lingua para fins específicos

Materia	Lingua para fins específicos			
Código	V01G180V01801			
Titulación	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	4	2c
Lingua de impartición	Inglés			
Departamento				
Coordinador/a	Fernández Pena, Yolanda			
Profesorado	Fernández Pena, Yolanda			
Correo-e	yolanda.fernandez@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.gal			
Descrición xeral	Capacidade de ensinanza e formación en inglés con fins específicos (IFE). Características léxico-gramaticais, fraseolóxicas, sintácticas e estilísticas do IFE. Comunicación escrita e oral en IFE. Aprendizaxe da lingua estranxeira correspondente dende a perspectiva da súa utilidade profesional.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que as/os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Fomentar e mellorar a capacidade de comunicación nas linguas de estudo no grao, en diferentes contextos sociais, profesionais e culturais coas/os falantes das devanditas linguas, desenvolvendo as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural, incluíndo a defensa dos dereitos fundamentais, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, e os valores propios da democracia e a cultura da paz.
B4	Adquirir as ferramentas e técnicas metodolóxicas básicas para o estudo e a análise lingüística e literaria.
B5	Adquirir os coñecementos necesarios para a comprensión, desenvolvemento, análise, avaliación e aproveitamento para o futuro profesional dos recursos lingüísticos e literarios.
B6	Construír argumentos sólidos sobre os temas e textos a estudar, seguindo as convencións académicas, empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos, facendo uso dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente os orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao.
B7	Participar en debates e actividades en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural dos países das diversas linguas estranxeiras, de defensa de dereitos fundamentais, de principios de igualdade e de valores democráticos.
B9	Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais nas diversas linguas estranxeiras, formulando hipóteses, utilizando unha metodoloxía apropiada para transmitir ideas de xeito eficaz e válido, seguindo as convencións académicas e empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos.
B10	Mostrar coñecemento sobre outras culturas e expresións artísticas e ser competente para sensibilizar as persoas do entorno na apreciación da diversidade, interculturalidade e multiculturalidade. Así mesmo, explorar as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao.

B12	Ser competente para utilizar as novas tecnoloxías como recurso metodolóxico, de investigación, didáctico e de comunicación.
B13	Ampliar o interese polas linguas, a literatura, a cultura, e pola lingüística teórica e aplicada.
C56	Facilitar a aprendizaxe da lingua estranxeira desde a perspectiva da súa utilidade profesional.
C57	Mellorar a competencia comunicativa centrándose no ámbito académico e profesional.
C58	Adquirir as ferramentas necesarias para dominar o coñecemento da área específica do obxecto de estudo.
C59	Afianzar os aspectos propios das linguas de especialidade.
C60	Desenvolver os coñecementos léxicos, sintácticos, fraseolóxicos, estilísticos e comunicativos das linguas para fins específicos.
C61	Familiarizarse coa metodoloxía da aprendizaxe utilizada na análise das linguas profesionais e académicas.
C62	Adentrarse nos trazos característicos dos distintos tipos de linguaxes de especialidade.
C63	Desenvolver os mecanismos necesarios para a difusión oral da aprendizaxe e ensino das linguas de especialidade.
C64	Afianzar o interese das linguas de especialidade na sociedade do coñecemento e a información.
C65	Adentrarse na didáctica das linguas de especialidade.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Comprensión dos mecanismos que regulan a aprendizaxe das linguas profesionais e académicas	A1	B1	C56
	A2	B4	C57
	A3	B5	C58
	A4	B6	C59
	A5	B7	C60
		B9	C61
	B12	C62	
		C63	
Difusión didáctica das linguas de especialidade e capacidade formativa	A1	B1	C56
	A2	B4	C57
	A3	B6	C59
	A4	B7	C61
	A5	B10	C64
		B12	C65
Adquisición das necesidades comunicativas e os obxetivos da aprendizaxe	A1	B1	C56
	A2	B4	C57
	A3	B5	C58
	A4	B7	C61
	A5	B9	C64
		B10	
	B12		
Desenvolvemento das competencias comunicativas profesionais da lingua obxecto de estudo	A1	B1	C57
	A2	B4	C59
	A3	B5	C60
	A4	B6	C61
	A5	B7	C62
		B9	C63
	B10		
	B12		
Afondamento no interese e a relevancia das linguas de especialidade na sociedade do coñecemento e a información	A1	B1	C56
	A2	B4	C57
	A3	B5	C59
	A4	B6	C60
	A5	B9	C61
		B10	C62
	B13	C63	
		C64	

Contidos

Tema

1. Introducing English for Specific Purposes (ESP)	1.1. What is English for Specific Purposes (ESP)?
	1.2. ESP vs. English for General Purposes (EGP)
	1.3. Origins and development of ESP
	1.4. ESP in Spain
	1.5. Brief overview of different types of ESP

2. Characterising ESP	2.1. History of ESP 2.2. Characteristic features of ESP 2.3. Absolute and variable characteristics 2.4. Complementing and competing approaches 2.5. Branches of ESP
3. Problems and challenges in ESP	3.1. Lack of specialist knowledge 3.2. The role of the teacher 3.3. Learners' motivation 3.4. Authenticity of the materials 3.5. Culture in the ESP syllabus
4. The four pillars of ESP	4.1. Needs analysis 4.2. Learning objectives 4.3. Materials and methods 4.4. Evaluation
English for Academic Purposes (EAP)	- Academic vocabulary - Critical thinking - Presenting in Academic English - Paraphrasing, summarising and quoting - Information packaging

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Lección maxistral	22	34	56
Seminario	18	28	46
Resolución de problemas e/ou exercicios	6	16	22
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	10	12
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	10	12

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades de introdución ao curso coa fin de coñecer os coñecementos do alumnado sobre a Lingua para Fins Específicos.
Lección maxistral	Exposición por parte do profesorado dos contidos sobre a materia obxecto de estudo detallados en 'Contidos'. Actividades enfocadas ao traballo sobre un tema específico que permiten afondar ou complementar os contidos da materia.
Seminario	Sesións adicadas á resolución de problemas, exercicios prácticos e actividades en pequenos grupos, baseadas nos contidos tratados nas leccións maxistras.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	O alumnado disporá de atención personalizada tanto durante as sesións presenciais como en horario de titorías.
Seminario	O alumnado disporá de atención personalizada tanto durante as sesións presenciais como en horario de titorías.
Probas	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	O alumnado disporá de atención personalizada tanto durante as sesións presenciais como en horario de titorías.
Exame de preguntas de desenvolvemento	O alumnado disporá de atención personalizada tanto durante as sesións presenciais como en horario de titorías.
Exame de preguntas de desenvolvemento	O alumnado disporá de atención personalizada tanto durante as sesións presenciais como en horario de titorías.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
(*)			

Resolución de problemas e/ou exercicios	Exercicios prácticos, relacionados cos contidos da materia, realizados dentro ou fóra da aula ao longo do cuadrimestre, con ou sen previo aviso, que serán obxecto da avaliación continua. Serán o complemento á lección maxistral.	30	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B4 B5 B6 B9 B13	C56 C57 C58 C59 C60 C62 C64
Exame de preguntas de desenvolvemento	Exame parcial escrito sobre os contidos teóricos e prácticos da materia.	30	A1 A2 A3 A4 A5	B4 B5 B6 B9	C56 C57 C58 C59 C60 C62
Exame de preguntas de desenvolvemento	Exame parcial escrito sobre os contidos teóricos e prácticos da materia.	40	A1 A2 A3 A4 A5	B4 B5 B6 B9	C56 C57 C58 C59 C60 C62

Outros comentarios sobre a Avaliación

PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS (maio)

1. Avaliación continua

Para a avaliación continua computarán os seguintes parámetros obrigatorios (coa seguinte ponderación na cualificación final):

1. **Resolución de problemas e/ou exercicios** (30%)
2. **Primeiro parcial** (30%). Esta proba terá lugar en horario lectivo durante o cuadrimestre e a data será anunciada na clase con, polo menos, dúas semanas de antelación.
3. **Segundo parcial** (40%). Esta proba terá lugar no período oficial de exames na data aprobada en Xunta de Facultade e publicada na páxina web do centro.

Para aprobar a materia en avaliación continua débese obter un **5 sobre 10 na nota media**. Para poder facer media, é requisito indispensable obter un **5 sobre 10 nos exercicios de avaliación continua e en cada un dos dous exames escritos**. De non ser o caso, a materia estará suspensa aínda que a media aritmética das probas sexa 5 ou superior.

Por defecto, asúmese que o alumnado optará pola avaliación continua, a menos que informe ao profesorado ao comezo de curso, **durante as primeiras dúas semanas**, que opta pola **avaliación única**. Nese caso, os procedementos de avaliación que se apliquen serán os descritos no punto 2. Avaliación única.

Participar nun dos sistemas de avaliación implica a imposibilidade de participar no outro. A realización dunha ou varias probas parciais implica a aceptación do sistema de avaliación continua por parte do alumnado. O alumnado avaliado mediante o sistema de avaliación continua non poderá presentarse ao exame oficial de avaliación única na primeira edición de actas.

2. Avaliación única

O alumnado que comunique no período establecido no punto 1 que non seguirá a avaliación continua realizará unha única **proba final escrita** que abarcará todos os contidos teóricos e prácticos da materia e suporá o **100%** da cualificación. Para aprobar a materia será preciso obter un **5 sobre 10**.

O exame de avaliación única terá lugar no período oficial de exames na data aprobada en Xunta de Facultade e publicada na páxina web do centro.

SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS (xuño)

Para o alumnado que

- non se presente á primeira edición de actas, ou
- suspenda todas as probas da avaliación continua

a avaliación consistirá nunha única **proba final escrita** que abarcará todos os contidos teóricos e prácticos da materia e suporá o **100%** da cualificación. Para aprobar a materia, débese obter un **5 sobre 10**.

O alumnado que non supere a materia na primeira edición de actas pero aprobe algunha das probas (actividades de avaliación continua, exames escritos), soamente terá que recuperar as partes suspensas. De non superalas na segunda edición de actas, deberá examinarse da totalidade da materia en cursos académicos posteriores, xa que as partes superadas carecerán de validez para cursos posteriores. Para aprobar a materia, débese obter un **5 sobre 10**.

O exame final escrito, en calquera modalidade, terá lugar no período oficial de exames na data aprobada en Xunta de Facultade e publicada na páxina web do centro.

Observacións:

- A **asistencia** ás aulas é altamente recomendable.
- Os exames parciais e as probas de avaliación continua considéranse oficiais, e polo tanto, **un cambio de data debe de estar sempre debidamente xustificado por causas de forza maior** (accidente, operación cirúrxica ou falecemento de familiar en primeiro grao na data exacta da proba) e, sempre que sexa posible, debe de ser comunicado ao profesorado do curso con anterioridade á data de realización da proba.
- Os **mesmos criterios** descritos neste apartado tamén se aplicarán ao **alumnado alleo (Erasmus)**. Todos os exames e probas de avaliación continua serán presenciais. **É responsabilidade do alumnado estar en Vigo para realizar ditas probas**, incluíndo as da segunda edición de actas. Non se realizarán exames en liña.
- É responsabilidade do alumnado estar ao tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar. Non hai obriga de comunicar as **datas de avaliación** mediante a plataforma de teledocencia.
- Na avaliación da materia terase en conta no só o contido, senón tamén a **corrección lingüística** das probas. De non ser así, a proba de avaliación pode resultar nun suspenso.
- Non está permitido o uso de dicionarios, ordenadores ou calquera outro **aparello electrónico**, con ou sen conexión a internet, durante a realización das probas, salvo que o profesorado indique o contrario por razóns pedagóxicas.

REALIZACIÓN FRAUDULENTA DAS PROBAS DE AVALIACIÓN:

De acordo cos Artigos 40-42 do Regulamento sobre a avaliación, a calificación e a calidade da docencia e o proceso de aprendizaxe do estudantado, aprobado no claustro do 18 de abril de 2023,

"Enténdese por **plaxio**, a **copia total ou parcial** de textos ou doutros elementos (software, imaxes, gráficos etc.) como de elaboración propia **sen citar a súa procedencia**, incluída a utilización de medios dixitais. Por outro lado, enténdese como **fraude académica** calquera comportamento premeditado tendente a **falsear os resultados** dun exame ou traballo, propio ou alleo, realizado como requisito para superar unha materia ou acreditar o rendemento académico." (Véxase Artigo 41 sobre que circunstancias implican unha realización fraudulenta dunha proba de avaliación.)

"**A actuación fraudulenta en calquera proba de avaliación implicará a cualificación de cero (suspenso) na acta** da oportunidade de avaliación da convocatoria correspondente, iso con independencia do valor que sobre a cualificación global desta tivese a proba en cuestión e sen prexuízo das posibles consecuencias de índole disciplinaria que poidan producirse."

Alegar descoñecemento do que supón o plaxio e a fraude académica non eximirá ao alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Anthony, Laurence, **Introducing English for Specific Purposes**, Routledge, 2018

Basturkmen, Helen, **Developing courses in English for Specific Purposes**, Palgrave Macmillan, 2010

Woodrow, Lindy, **Introducing course design in English for Specific Purposes**, Routledge, 2018

Bibliografía Complementaria

Bailey, Stephen, **Academic writing: A handbook for international students**, Routledge, 2018

Basturkmen, Helen, **Ideas and options in English for Specific Purposes**, Routledge, 2006

Brown, James D., **Introducing Needs Analysis and English for Specific Purposes**, Routledge, 2016

Cottrell, Stella, **The study skills handbook**, Macmillan International Higher Education, 2019

Dudley-Evans, Tony & Maggie-Jo St John, **Developments in ESP: A multi-disciplinary approach**, Cambridge University Press, 1998

Hutchinson, Tom & Alan Waters, **English for Specific Purposes: A learning-centred approach**, Cambridge University Press, 1987

Hyland, Ken, **English for Academic Purposes: An advanced resource book**, Routledge, 2006

Hyland, Ken & Philip Shaw (eds.), **The Routledge handbook of English for Academic Purposes**, Routledge, 2016

McCarthy, Michael & Felicity O'Dell, **Academic vocabulary in Use: Vocabulary reference and practice**, Cambridge University Press, 2016

Paltridge, Brian & Sue Starfield (eds.), **The handbook of English for Specific Purposes**, Wiley-Blackwell, 2013

Wallwork, Adrian, **English for presentations at international conferences**, Springer, 2016

English for Specific Purposes, <https://www.journals.elsevier.com/english-for-specific-purposes>,

ESP Today, <http://www.esptodayjournal.org>,

ESP World, <http://esp-world.info>,

Journal of English for Academic Purposes, <https://www.journals.elsevier.com/journal-of-english-for-academic-purposes>,

Recomendacións

Outros comentarios

Espérase que o alumnado faga as lecturas e tarefas solicitadas para poder participar activamente na clase.

O estudiantado deberá consultar regularmente o seu correo electrónico e visitar a plataforma de teledocencia do curso (<https://moovi.uvigo.gal>). Os anuncios e cambios de última hora notificaranse a través da plataforma de teledocencia.

O alumnado deberá acceder regularmente ás fontes bibliográficas da biblioteca.
